

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día nove de xullo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretaria a concelleira secretaria accidental da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno en substitución do vicesecretario accidental, dona Ana María Rivas García, e a interventora xeral municipal en funcións, dona María de la Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS.- Acórdase aprobar a solicitude de licenza urbanística para ampliación en altura de edificio, remodelación de trece vivendas e ampliación do número de vivendas para un total de 28 vivendas na rúa Poeta Manuel María, 21 (exp. 2024/Y001/000065).

Tamén se acorda aprobar a solicitude de licenza urbanística para remodelación para implantación dun novo modelo residencial de maiores da xunta de galicia na residencia de maiores as gándaras, mantendo o uso existente, sita na Calzada das Gándaras, (2025/Y001/000008).

2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase aprobar a ampliación de prazo subvencións rehabilitación centro histórico (fase XVII).

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a segunda e derradeira prórroga dende o 30 de xullo de 2025 ata 29 de xullo de 2026 na contratación da cesión do dereito de uso dunha licenza de software de "Xestión integral de parques" destinado ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo, exp. ref. 2021/C004/000008..

Tamén se acorda a primeira prórroga dende o 26 de agosto de 2025 ao 25 de agosto de 2026 no contrato de seguro de accidentes colectivo para os asistentes e participantes nas actividades organizadas polo Concello de Lugo, exp. ref. 2024-C003-000008.

Así mesmo, acórdase a prórroga para o ano 20256 na contratación da subministración -mediante lotes- da iluminación ornamental en diversas rúas e prazas en San Rroilán 2024 (lote 1) e Nadal 2024 (lote 2), exp. ref. 2024-C004-

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5767914754029173463.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-7-2025

000013.

Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración dun módulo de duchas para darlles servizo aos feriantes nas festas de San Rroilán 2025 e 2026 con posibilidade de prórroga 2027 e 2028 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000020.

Do mesmo xeito, acórdase a 2ª prórroga do contrato dende o 01/08/2025 ata o 31/07/2026 na contratación da prestación do servizo de xestión e atención ao público da oficina municipal de turismo das Salas Museísticas Municipais - Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Sala de Exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque - e o Punto de Información Turística de Verán, exp. ref. 2023/C003/000016.

Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración dun sistema de medición e control en tempo real do ruído ambiental no recinto feiral durante as festas de San Froilán para os anos 2025 e 2026 e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C004-000022.

Acórdase a adxudicación lotes 1, 2 e 3 na contratación - mediante tres lotes - da produción e dotación técnica para cubrir as necesidades de iluminación, sonorización, persoal, infraestrutura e equipamento para a realización de diversos eventos culturais en vivo da programación anual organizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, exp. ref. 2025-C004-000014.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de renovación da rede de abastecemento en varios tramos da rúa Alexandre bóveda e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C002-000017.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de saneamento na rúa Pintor Pacios. Tramo Marxe Dereita e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025-C002-000015.

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria. ano 2025.

5. PERSOAL.- Acórdase a aprobación de bases e convocatoria da provisión dos postos de secretaría e auxiliar secretaría de alcaldía-libre designación.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. CULTURA.- Acórdase a aprobación do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura, exercicio 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a validación do gasto relativo á impartición de obradoiro para as asociacións veciñais: desenvolvemento catro obradoiros de restauración de mobles.

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar o Convenio interadministratiavo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Lugo. Ano 2025.

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegada da Área de Goberno de Cohesión Territorial e concelleira secretaria accidental da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.